



## **Publicación das listaxes de instancias coa baremación provisional do concurso de traslados específico para cubrir prazas de xefatura de departamento de Orientación para o ano 2019.**

Para consultar a baremación o persoal docente do corpo de mestres que participen no concurso específico elixirá no menú a opción Listaxes concurso > Listaxes de instancias.

Na disposición décimo quinta da Orde do 22 de outubro (DOG núm. 237, do 13 de decembro de 2018) establece que o persoal concursante poderá formular reclamacións á puntuación outorgada, con anterioridade á resolución provisional do concurso, unha vez que se fagan públicas na páxina web desta consellería.

O prazo será desde o 27 de febreiro ata o 15 de marzo.

### **Pasos a seguir para reclamar:**

1º Na opción Participación do menú poderá ver a solicitude validada. No caso de formular unha reclamación deberá premer na ligazón “Reclamar baremo” da columna “Prazo reclamación baremo provisional” e abrirase unha nova xanela.

2º Nesta xanela poderá reclamar en cada un dos apartados que considere necesario.

3º Cando remate de redactar a reclamación hai que premer no botón “gardar” e a continuación no botón “volver”.

4º Na ligazón **PDF Reclamacións** da columna **Prazo reclamación resolución provisional** poderá xerar o informe que deberá presentar por correo electrónico.

### **Máis información:**

Para calquera información ou dúbida, o persoal docente pode poñerse en contacto co Servizo de profesorado de Educación Infantil e Primaria:

Teléfonos: 981 545495 – 981 544487

Ou ben a través do correo electrónico [persoal.primaria@edu.xunta.es](mailto:persoal.primaria@edu.xunta.es)

### **Información relacionada**

Servizo relacionado:

CXT (portal/node/26644)

